



## Instrucións para os exames de recuperación do módulo de Xestión da Prevención

### CS de Prevención de Riscos Profesionais

As probas de recuperación faranse de **forma oral** a través da plataforma Cisco Webex (plataforma facilitada pola Xunta).

#### Indicacións para o seu desenvolvemento:

- ✓ Para poder organizala é mellor **inscribirse previamente** á mesma, a través dun formulario publicado na aula virtual, no inicio da mesma, chamado "[Formulario de inscrición aos exames de recuperación](#)". Prazo de inscrición: até o día anterior do exame ás 23:00 horas.
- ✓ No día e horario establecido para o exame, o alumnado debe estar pendente porque recibirá unha invitación á plataforma Cisco Webex para conectarse á proba oral. Primeiro conectarase todo o alumnado convocado a unha reunión previa á proba para valorar que todo funciona de xeito correcto. Posteriormente, enviaranse invitacións individuais para que cada alumno/a se vaia conectando para realizar a proba oral.
- ✓ As persoas convocadas deberán acceder á plataforma unha vez recibida a invitación nun prazo de 10 minutos, de non ser así, **entenderase a non asistencia ao exame**.
- ✓ **Inicialmente** o alumnado conectarase co ordenador e co móbil, pois ao comezo da proba, pedirase que amosen que a mesa ou lugar onde se realice o exame estean baleiros, sen ningún material de apoio. A continuación, deberase apagar o móbil, salvo que a conexión á proba se faga exclusivamente por este medio.
- ✓ O exame será gravado.
- ✓ O alumnado deberá ter o pelo despexado, as mans visibles e a webcam e o micrófono activado de forma obrigatoria e non se poderán utilizar cascos.
- ✓ A proba oral consistirá en preguntas curtas, de desenvolvemento e pequenos supostos prácticos que serán **contestadas de forma sucesiva** sen posibilidade de volver atrás.
- ✓ Unha vez que finalice a realización de todas as probas, comunicarase a nota a través da aula virtual.
- ✓ A plataforma funciona correctamente porque foi utilizada durante a 3ª avaliación. En principio, non debería haber ningún problema para a conexión pero, no caso de que o haxa, resolverase calquera incidencia a través da aula virtual ou a través do móbil.
- ✓ Para calquera dúbida contactar con:

Eva Piña Rodríguez  
[evapinha@edu.xunta.gal](mailto:evapinha@edu.xunta.gal)